

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE MAIO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/1243/2005.- Remalua, S. L.-** Vivenda unifamiliar con uso de local comercial, en planta baixa na parcela 1665 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Nemenzo – Marantes.

**Lic/36/2009.- Talleres y Grúas Estación, S. L.-** Nave industrial, sen uso determinado na parcela sita no número 46 da Vía Edison, do Polígono Industrial do Tambre.

**Lic/124/2008.- José Manuel Díaz Cadaveira.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Figueiras.

**Lic/824/2008.- Javier Taboada Anido.-** Rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar na Toxeira de San Lourenzo nº 13

**Lap/280/2008.- A Fundación Formación e Emprego de Galicia.-** Edificio multiusos con plantas de soto, baixa e primeira, urbanización e axardinamento da parcela, con aparcamento en superficie e apertura de centro de formación en Vía Edison, parcela 000CS2, do Polígono Industrial do Tambre.

#### PARCELACIONES.-

**Lic/2518/2008.- Juan Garrido Pérez.-** Parcelación urbanística da parcela nº 162 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Cesar – Barciela (+)

**Lic/412/2009.- Mosbrey, S. L.-** Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de San Martiño de Laraño, Pardiñas de Arriba nº 8 da rúa Rego Cebro, finca nº 30 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martiño de Laraño. (-)

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

**906/2009.- Carlos Mourelle Viqueira.-** ..... Expte. Lic/1683/02 ..... 2.800 €-

**907/2009.- Gráficas Sampar, S. L.-** ..... Expte. Lic/819/06 ..... 3.000 €-

**451/2009.- Monternor, SCG.-** ..... Expte. Lic/1661/07 ..... 1.000 €-

**115/2009.- Susana, Rosa y Manuel Rey Gómez, S. C.-** ...Expte. Lic/1246/08..... 10.000 €-

#### APERTURAS.-

**Lap/84/2007.- Delicatessen Compostela, S. L.-** Apertura de elaboración, venta e consumo de produtos de confitería na rúa Frei Rosendo Salvado nº 11 - Baixo

### OCIHR

#### LICENZAS.-

#### FAVORABLES

**LIC/670/2007 .- DNA. MARÍA DE LA SOLEDAD PUIG OTERO.-** Rehabilitación de edificio para catro vivendas en rúa Castrón Douro nº 9.

**LIC/997/2008 .- ACTIVIDADES INMOBILIARIAS VAAMONDE Y SÁNCHEZ SL.-** Rehabilitación interior de edificio en rúa Rodas, 24

#### MODIFICACIÓN DA LICENZA.

**LIC/179/2007 .- D. DOMINGO POSE REBOREDO-** Modificación da licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Poza de Bar, 46

### **6.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por un total de 10.660 euros.

**7 a 16.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á prórroga da adscrición a dita Concellería do inmovible situado sobre o aparcadoiro da Praza de Galicia.**

Adscribítese de novo á Concellería de Benestar Social o devandito inmovible polo período dun ano.

**18.- Solicitud de ampliación de horario de venda de alcohol dun local, por mor das festas da ascensión.**

Desestímase a solicitude.

**19.- Autorizacións para facer cacharelas con motivo da celebración das Festas de San Xoán.**

Apróbanse as normas de xestión de permisos para as cacharelas de San Xoán 2009. As solicitudes para a súa celebración deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello, antes das 14.00 horas do luns 13 de xuño.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao abono de xustiprezo e xuros de da resolución do Xurado de Expropiación de Galicia no expediente de expropiación e terreos para a ampliación do Campus Universitario (PE-8).**

Acórdase a execución das resolucións do xurado de expropiación forzosa reactivas ao prezo xusto e xuros debidos de 7 parcelas do proxecto de expropiación de terreos para a ampliación do campus universitario P.E 8. Así mesmo, requírese do xurado de expropiación de Galicia o reintegro dos xuros abonados polo Concello pero que corresponden ao retraso imputable a esa administración e que o concello paga de xeito previo e provisorio e que ascende á cantidade de 36.118,57 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto modificado da Reparcelación do solo urbanizable non programado número 37.3 (SUNP-37.3) de Costa Vella.**

Apróbase con carácter provisional o proxecto reformado de reparcelación do SUNP-37.3 (Costa Vella) presentado por Emuvissa.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto modificado da Reparcelación do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38) de Formaris.**

Apróbase con carácter provisional o proxecto reformado de reparcelación do SUNP-38 (Formaris) presentado por PROCESOS EDIFICATORIOS, SL.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións, sometemento a nova información pública e aprobación do proxecto modificado da expropiación do vial de acceso a Formaris para as conexións exteriores do enlace da N-550 cos ámbitos industriais do SUNP-37.3, SUNP-38 e FINSA.**

Resólvense as alegacións, apróbase o proxecto modificado de expropiación do vial de acceso a Formaris para as conexións exteriores do enlace da N-550 cos ámbitos industriais do SUNP-37.3, SUNP-38 e FINSA e sométese de novo a información pública polo prazo dun mes.

**24.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao nomeamento de arquitecto supervisor das obras de renovación da cuberta da sá Angel Brage.**

Noméase ao arquitecto Tomás Rivas Llaveró.

**25.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao nomeamento de arquitecto supervisor das obras de reforma no aparcadoiro e accesos ao Auditorio de Galicia.**

Noméase ao arquitecto Tomás Rivas Llaveró.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación provisional das listas de admisión e de espera nas escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas. Curso 2009-2010.**

Apróbanse provisionalmente as listas, que se exporán no taboleiro xeral do Concello e no Departamento de Educación.

**27.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á cesión do Estadio Municipal de San Lázaro para a final da Copa Galiza de fútbol.**

Cédese con carácter gratuíto o uso do Estadio Municipal de San Lázaro o martes 19 en horario de tarde.

**28.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á prórroga e revisión de prezos do contrato de prestación do servizo de vixianza e seguridade das instalacións da dita unidade.**

Prórrogase o contrato de servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD, adxudicado á empresa PROTECCIÓN DE PATRIMONIOS, SA, polo prazo dun ano a contar desde o 28 de xuño de 2009 e revísase o prezo da adxudicación conforme á variación do IPC (o prezo actual é de 40.428,94 euros/ano ao que se lle aplicará o IPC correspondente ao período maio 08/maio 09)

**29.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga e revisión de prezos do contrato de alugueiro do local situado na rúa Basquiños, 1, utilizado como centro sociocultural da Almaciga.**

Prórrogase o contrato de alugueiro do local de referencia polo prazo dun ano a contar desde o 1 de maio e revísase o prezo segundo a variación do IPC que queda fixado en 336,22 euros/mes.

**30.- Adxudicación de diverso mobiliario para a oficina de Rehabilitación e Cidade Histórica.**

Adxudícase á empresa TECAM a adquisición de mobiliario para a OCiHR por importe de 12.165,85 euros.

**31.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Cociña Económica.**

Dáse conta da sinatura do convenio polo que o Concello achega a cantidade de 20.208,50 euros.

**32.- Dar conta da sinatura do convenio suscrito coa Consellería de Innovación e Industria para a cesión temporal de uso de diverso equipamento informático para o centro Sociocultural de Figueiras.**

Dáse conta do convenio.

**URXENCIAS**

- Acórdase solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 972.977,98 euros ao abeiro da "orde do 1 de abril de 2009 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais".
- Adxudícase definitivamente o contrato par aa prestación do servizo da celebración da Festa dos Maiores 2009 á empresa CONGELADOS VELOSO, SL, por importe de 46.728,97 euros (máis IVE).